

Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus lusitanica* en Galicia 2018
Reed bunting *Emberiza schoeniclus lusitanica* census in Galicia 2018

Emilio Martínez Sabarís^{1,2}, Xabier Prieto Espiñeira³, José Ramón Castro Gómez^{4,5}, José Luis Rabuñal Patiño⁶, Cosme Damián Romay Cousido^{6,7}, Álvaro Rodríguez Pomares⁴ & Francisco Rosende Maneiro^{6,8}.

¹GA Anduriña. ²O Carballo 13A, 36960 Sanxenxo; emi_doel@yahoo.es. ³Estrada de Castela, 58-64, D-6°-1, 15404 Ferrol. ⁴SGHN Apdo. 330, 15780 Santiago. ⁵Río Castro 26 baixo, 15404 Ferrol. ⁶GN Hábitat, R/ Camariñas 8 baixo, 15002 A Coruña. ⁷Dpto. Bioloxía, Fac. Ciencias, UDC, Campus Zapateira, s/n. 15071 A Coruña. ⁸GA Hércules.

Este artigo recíbeuse o 18-XII-18, aceptado o 18-II-19 e publicado electronicamente o 23-IV-19.

This paper was submitted 18-XII-18, accepted 18-II-19, and electronically published 23-IV-19.

PALABRAS CLAVE / KEY WORDS

Ano 2018, aves, censos, *Emberiza schoeniclus lusitanica*, Galicia / Birds, census, *Emberiza schoeniclus lusitanica*, Galicia, year 2018.

Os censos de aves son unha ferramenta empregada de xeito habitual para o coñecemento das súas poboacións (BIBBY, 2000, 2002). Cada grupo de aves require unha metodoloxía de censo adaptada a unha serie de variables, tamén no caso de facerse censos dunha especie ou subespecie en concreto. No caso de aves catalogadas como en perigo de extinción, como é o caso da escribenta das canaveiras nidificante no occidente ibérico (*Emberiza schoeniclus lusitanica* Steinbacher, 1930) (Decreto 88/2007 e RD 139/2011, de 4 de febreiro) os censos aportan datos fundamentais para determinar o estado no que se atopan os seus efectivos e, en caso de facerse con regularidade e axeitadamente, permiten avaliar as súas tendencias poboacionais (JOHNSON *et al.*, 2006). No primeiro censo de *E. schoeniclus* reproductora en España (ano 2005; ATIENZA, 2006) faise unha descrición da metodoloxía empregada. En 2015, dez anos despois, realizouse o primeiro censo ibérico de *E. schoeniclus*, cunha metodoloxía de censo lixeiramente distinta no caso de Galicia (MONRÓS *et al.*, 2018). Xulgouse necesario volver censar a especie en territorio galego en 2018 para obter unas novas cifras coas que contextualizar os resultados de 2005 e 2015.

A falta de recursos materiais e humanos provocou que a metodoloxía empregada no censo de 2018 fose algo

Bird census are a commonly used tool for the knowledge of their populations (BIBBY, 2000, 2002). Each group of birds requires a census methodology adapted to a series of variables, also in the case of census of a specific species or subspecies. In the case of birds classified as endangered, as the common reed bunting of Western Iberia (*Emberiza schoeniclus lusitanica* Steinbacher, 1930) (Decreto 88/2007 and RD 139/2011, of February, 4th) the censuses provide fundamental data to determine their population size and, if they are done regularly and properly, they can evaluate their population trends (JOHNSON *et al.*, 2006). In the first census of *E. schoeniclus* breeding in Spain (ATIENZA, 2006) a description of the methodology used is made. In 2015, ten years later, the first Iberian census of *E. schoeniclus* was carried out, with a slightly different census methodology in the case of Galicia (MONRÓS *et al.*, 2018). It was considered necessary to evaluate the population of the species in Galician territory in 2018 to obtain new figures to contextualize the results of 2005 and 2015.

Due to the scarcity of human and material resources, the methodology used in the 2018 census was somewhat simpler than that of the 2005 and 2015 censuses. In this way, wetlands with past presence of *E. schoeniclus lusitanica* were censused, using for several

máis sinxela que a dos censos de 2005 e 2015. Deste xeito, censáronse as zonas húmidas con presenza antiga de *E. schoeniclus lusitanica* empregando para varias das zonas húmidas censadas reproducións de cantos de individuos deste taxón. As visitas ás diferentes localidades variaron en número, sendo como mínimo dunha e como máximo catro, se ben a lagoa de Traba visitouse en 44 ocasións ao longo da tempada de cría e o canal do Anllóns arredor de 20. Neste último punto efectuáronse anelamentos unha vez á semana ao longo da tempada de cría. Realizáronse transectos con paradas de escoita e observación para detectar individuos da subespecie nas diferentes zonas húmidas. Con respecto a censos previos, cómpre salientar a experiencia dos autores coa especie e o bo coñecemento das localidades censadas, polo que o censo de 2018 pode considerarse correcto.

No presente censo de 2018 contabilizáronse entre 17 e 20 parellas da especie en Galicia, todas elas nas provincias da Coruña e Pontevedra. O reparto segundo zonas húmidas e provincias resúmese nas táboas 1 e 2.

A pesares de contar cun plan de recuperación dende maio de 2013, a tendencia de *E. schoeniclus lusitanica* segue a ser negativa en Galicia. Segundo os datos dispoñibles quedarían unhas 20 parellas reprodutoras en Galicia fronte ás case 70 censadas en 2005, o que supón unha redución de arredor do 70% en tan só 13 anos (táboa 3).

Zona húmida	Concello	Coordenadas	Estima (parellas)
Wetland	Council	Coordinate	couple number estimate
Lagoa da Frouxeira	Valdoviño	43.598, -8.158	6-7
Lagoa de Doniños	Ferrol	43.492, -8.315	1
Canaval do Anllóns	Cabana de Bergantiños / Ponteceso	43.238, -8.898	0
Lagoa de Traba	Laxe	43.184, -9.047	3-4
Pontenafonso (Esteiro do Tambre)	Serra de Outes / Noia	42.828, -8.878	2
Lagoa de Vixán	Ribeira	42.540, -9.021	0
Brañas de Laiño (canavais do Ulla)	Dodro	42.708, -8.712	1-2
TOTAL A Coruña			13-16

Táboa 1. Datos de censo de *E. s. lusitanica* na provincia da Coruña en 2018.
Table 1. Census records of *E. s. lusitanica* in Coruña province in 2018.

Zona húmida	Concello	Coordenadas	Estima (parellas)
Wetland	Council	Coordinate	couple number estimated
Brañas do Redondo e Pedra Barca (canavais do Ulla)	Valga	42.704, -8.714	0
Xunqueira do Umia	Cambados / Ribadumia	42.505, -8.800	0
A Lanzada / O Recón	Sanxenxo / O Grove	42.445, -8.870	0
Salcidos (Esteiro do Miño)	A Guarda	41.905, -8.846	4
TOTAL Pontevedra			4

Táboa 2. Datos de censo de *E. s. lusitanica* na provincia de Pontevedra en 2018.
Table 2. Census records of *E. s. lusitanica* in Pontevedra province in 2018.

En 2015, no cadro do censo Ibérico para a especie, en Portugal censáronse entre 60 e 63 parellas en seis zonas húmidas (MONRÓS *et al.*, 2018) pero, debido á falta de recursos materiais e humanos, quedaron amplos sectores de humidais axeitados sen censar, polo que estimaron en 85-89 parellas os efectivos reprodutores en Portugal.

wetlands recordings of bircalls from individuals of this taxon. Visits to different locations varied in number, with at least one and a maximum of four, although the Traba lagoon was visited in 44 occasions throughout the breeding season and the Anllóns reedbed around 20. In this last point, there was a ringing station with weekly visits throughout the breeding season. There were transects with listening and observing stops to detect individuals from the subspecies in the different wetlands. With respect to previous censuses, it is necessary to emphasize the experience of the authors with the species and the good knowledge of the surveyed localities; taking into account these reasons the census of 2018 can be considered correct.

In the present 2018 census, between 17 and 20 breeding pairs of the species in Galicia were recorded, all of them in the A Coruña and Pontevedra provinces. The division according to wetlands and provinces is summarized in tables 1 and 2.

Despite having a recovery plan since May 2013, the population trend of *E. schoeniclus lusitanica* continues to be negative in Galicia. According to the available data, there would be 20 breeding pairs in Galicia compared to almost 70 censused in 2005, which represents a reduction of around 70% in just 13 years (table 3).

In 2015, in the framework of the Iberian census for the species, between 60 and 63 breeding pairs were recorded in six portuguese wetlands (MONRÓS *et al.*, 2018) but, due to the lack of material and human resources, large areas of suitable wetlands were not surveyed, so they estimated 85-89 breeding pairs in Portugal. Bearing in mind that Portugal's data is three years old and the tendency in this country is also negative, the global current population estimate for the taxon *E. schoeniclus lusitanica* would not exceed 110 breeding pairs.

Although 2018 results for Galicia are better than those for 2015, they can not be interpreted as a positive population trend of the species because, unlike that of 2015, the 2018 census was exhaustive and carried out by the best experts of the species and its Galician breeding sites. After twenty years without nesting records of the species at the Doniños lagoon (Ferrol), the confirmed breeding of the species at this site must be emphasized. On the contrary, it was not observed in other ancient breeding areas in wetlands on the far north of Coruña and Lugo, such as San Xurxo, Pantín, Ortigueira or Ribadeo. This latter result becomes more relevant considering the extinction of the species in the entire Cantabrian coast (MONRÓS *et al.*, 2018), which leaves the northern distribution limit of *E. schoeniclus lusitanica* at the A Frouxeira lagoon (Valdoviño).

It must be also highlighted the capture for ringing of three individuals at the breeding season in the Brañas de Laiño (Dodro) (Table 4).

En conxunto para o taxón *E. schoeniclus lusitanica* a estima actual, tendo en conta que os datos de Portugal son de hai tres anos e a tendencia neste país tamén é negativa, non superaría as 110 parellas.

Aínda que os resultados de 2018 para Galicia son mellores que os de 2015, non se poden interpretar como un aumento dos efectivos reprodutores da especie pois, ao contrario que en 2015, o censo de 2018 foi exhaustivo e realizado polos mellores coñecedores da especie e das súas localidades galegas de cría. Compre salientar a recuperación da lagoa de Doniños (Ferrol) coma localidade de cría confirmada, logo de vinte anos sen detectarse. Pola contra non foi observada noutras zonas húmidas de reprodución histórica polo extremo norte coruñés e lucense, coma San Xurxo, Pantín, Ortigueira ou Ribadeo. Este dato cobra maior relevancia se o sumamos á súa extinción na totalidade da cornixa cantábrica (MONRÓS *et al.*, 2018), que deixa o límite norte da distribución de *E. schoeniclus lusitanica* na localidade da Frouxeira (Valdoviño).

Compre salientar tamén a captura para anelamento de tres individuos na época de cría nas Brañas de Laiño (Dodro) (táboa 4).

Anela/Ring Min. Med. Amb. ICONA Madrid	Sexo/Sex	idade/age	data/date
L39244	femia	EURING 4	01/06/2018
1L39245	macho	EURING 4	12/06/2018
1L39246	macho	EURING 4	12/06/2018

Táboa 4. Individuos de *Emberiza schoeniclus lusitanica* anelados nas brañas de Laiño (Dodro) polo Grupo de Anelamento Anduriña en 2018
Table 4. *Emberiza schoeniclus lusitanica* specimens ringed in Brañas de Laiño (Dodro) by Grupo de Anelamento Anduriña in 2018

Á vista dos resultados obtidos sobre a evolución da poboación de *E. schoeniclus lusitanica* en Galicia, os autores recomendan:

1. Unha xestión conxunta do taxón entre Galicia e Portugal.
2. A dotación dos recursos humanos e materiais precisos para unha implementación completa e eficaz do plan de recuperación da especie aprobado en Galicia.
3. A restauración do hábitat das súas localidades de cría coñecidas a unha situación o máis parecida posible á existente na segunda metade do século XX.
4. Ter en conta a experiencia de aneladores, ornitólogos e naturalistas coñecedores do taxón dentro do plan de recuperación.

BIBLIOGRAFIA / BIBLIOGRAPHY

ARCEA. 2008. Plan de recuperación de *Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica* Steinbacher en Galicia. ARCEA Xestión de Recursos Naturais S.L. ATIENZA, J. C. 2006. El escribano palustre en España. I Censo Nacional (2005). SEO/BirdLife. Madrid. BIBBY, C. J., BURGESS, N. D.; HILL, D. A. & MUSTOE, S. 2002. Bird Census Techniques. 2nd Edition. Academic Press, London. BIBBY, C.; JONES, M. & MARSDEN, S. 2000. Bird Surveys. Expedition Field Techniques. BirdLife International. URL: http://www.conservationleadershipprogramme.org/media/2014/09/Bird_Surveying_Manual.pdf (con acceso: 14.1.2019). DECRETO 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas. JOHNSON, I.; CAMP, R. J.; BRINCK, K. W. & BAN, P. C. 2006. Long-term population monitoring: Lessons learned from an endangered passerine in Hawai'i. Wildlife Society Bulletin, 34 (4): 1055-1063. MONRÓS, J. S., NETO, J. M., ARCOS, F., VERA, P. & BELDA, E. J. 2018. El escribano palustre en España y Portugal. Población reproductora en 2015 y método de censo. Universitat de València-Universitat Politècnica de València-SEO/BirdLife. Madrid. <https://doi.org/10.31170/0059>. REAL DECRETO 139/2011, de 4 de febrero, para el desarrollo de la lista de Especies Silvestres en Régimen de Protección Especial y del Catálogo Español de Especies Amenazadas.

Ano de censo	Estima de parellas	Zonas húmidas con presenza	Fonte
Census year	estimated number of couples	Wetlands with presence	Bibliography
2005	62-68	13	Atienza, 2006
2007	55-56	11	Arcea, 2008
2015	11-12	5	Monrós <i>et al.</i> , 2018
2018	17-20	6	Presente traballo

Táboa 3. Datos de censo de *E. s. lusitanica* en Galicia de 2005 a 2018.
Table 3. Census records of *E. s. lusitanica* in Galicia from 2005 to 2018.

As a conclusion, in view of the results obtained on the evolution of the *E. schoeniclus lusitanica* population in Galicia, the authors recommend:

- To implement a joint management of this taxon between Galicia and Portugal.
- To provide the necessary human and material resources for a complete and effective implementation of the recovery plan of the species approved in Galicia.
- To restore the habitat in the known breeding locations to a situation as close as possible to that existing in the second half of the 20th century.
- To take into account the expertise of ringers, ornithologists and naturalists in the recovery plan of the taxon.